

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Demóstrase que existe unha certa relación positiva entre nivel de formación e frecuencia de asistencia a teatro infantil.


Esta relación non é, con todo, perfecta. Poden apreciarse algúns grupos da poboación, definidos polo seu nivel de estudos, que presentan unha proporción de asistentes e unha intensidade de asistencia superior á liña de tendencia. Identificamos estes grupos co de mulleres de entre 45 e 65 anos que asisten de forma ocasional ás representacións infantís de teatro que teñen estudos primarios ou bacharelato elemental. Isto suporía falar non só de nais senón tamén de avoas ou persoas maiores que acompañan aos nenos e ás nenas ao teatro.

Táboa 31. Frecuencia de asistencia a teatro infantil segundo a relación coa actividade económica

Frecuencia de asistencia a teatro infantil segundo a relación coa actividade económica	Cal é a súa relación coa actividade económica?					Total
	Ocupado/a	Parado/a	Estudiante	Labores do fogar	Xubilado/a, pensionista, outra situación	
Máis de 6 veces ao ano	9,6%	6,8%	9,1%	23,1%	14,6%	10,8%
Entre 2 e 6 veces ao ano	25,5%	16,0%	17,8%	15,0%	10,2%	22,1%
Unha vez ao ano	12,1%	26,2%	10,0%	30,2%		13,7%
Nunca	52,8%	51,0%	63,1%	31,8%	75,2%	53,4%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Asistencia a teatro infantil segundo a relación coa actividade económica




Relación coa actividade económica

As principais apreciacións anteriores vense referendadas co resultado de cruzar a frecuencia de asistencia coa situación laboral dos individuos que compoñen o público da Rede de Teatros e Auditorios. Segundo isto o grupo de poboación con maior porcentaxe de asistentes a teatro infantil é o das persoas encargadas das labores do fogar, grupo que no seu 95% está formado por mulleres. Este é o sector que presenta non só a maior proporción de espectadores habituais senón tamén de espectadores ocasionais.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Funcións de monicreques

Frecuencia de asistencia a funcións de monicreques



Con que frecuencia asiste a funcións de monicreques

Táboa32. Frecuencia de asistencia a funcións de monicreques

Frecuencia de asistencia a funcións de monicreques	Porcentaxe
Máis de 6 veces ao ano	10,0
Entre 2 e 6 veces ao ano	21,5
Unha vez ao ano	14,9
Nunca	53,6
Total	100,0

A porcentaxe de espectadores do IGAEM que asisten a funcións de monicreques é parella á obtida para o teatro infantil. A distribución das frecuencias de consumo e a importancia de cada grupo tamén calcan aproximadamente as cifras obtidas no caso anterior.


II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Máis da metade do público nunca asistiu a estas representacións, e entre os individuos que si o fixeron menos da cuarta parte o fan de xeito habitual. A metade asisten de xeito regular e a outra parte restante de forma ocasional. Os espectadores frecuentes representan apenas 1 de cada 3 entrevistados (32%).

Táboa 33. Frecuencia de asistencia a funcións de monicreques segundo a provincia

Frecuencia de asistencia a funcións de monicreques segundo a provincia	Provincia onde ten lugar o espectáculo				Total
	Coruña, A	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Máis de 6 veces ao ano	9,2%	4,7%	5,8%	12,9%	10,0%
Entre 2 e 6 veces ao ano	20,8%	26,0%	26,3%	20,1%	21,5%
Unha vez ao ano	9,0%	11,9%	17,8%	21,0%	14,9%
Nunca	61,0%	57,4%	50,2%	46,0%	53,6%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Asistencia a funcións de monicreques segundo a provincia



II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS


Segundo se desprende dos resultados de asistencia por provincias verifícase que a porcentaxe de público asistente a teatro de monicreques aumenta desde o mínimo da Coruña (39%) ao máximo de Pontevedra (54%), seguindo as restantes provincias en orde alfabética.

Se atendemos só aos espectadores habituais, o resultado é que as provincias máis populosas posúen as fraccións máis importantes e as orientais as máis reducidas. Se atendemos ao conxunto dos espectadores frecuentes todas as provincias atinxen unha porcentaxe semellante (30-33%).

Táboa 34. Frecuencia de asistencia a funcións de monicreques segundo o tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo

Frecuencia de asistencia a funcións de monicreques segundo o tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo	Tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo			Total
	<= 20.000 hab.	20.001 a 50.000 hab.	7 Cidades	
Máis de 6 veces ao ano	8,4%	11,9%	9,8%	10,0%
Entre 2 e 6 veces ao ano	24,0%	21,8%	18,5%	21,5%
Unha vez ao ano	15,5%	16,0%	13,2%	14,9%
Nunca	52,1%	50,3%	58,5%	53,6%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS




Se consideramos o público da Rede de Teatros e Auditorios estratificado por tamaño de hábitat municipal os resultados indican que a porcentaxe de consumidores de monicreques alcanza o seu mínimo nas cidades e valores semellantes nos demais estratos. A conclusión é a mesma se falamos de espectadores frecuentes, e só se consideramos unicamente os asistentes habituais atopamos que a maior fracción corresponde aos concellos de tamaño mediano.

Táboa 35. Frecuencia de asistencia a funcións de monicreques segundo o xénero

Frecuencia de asistencia a funcións de monicreques segundo o xénero	Xénero		Total
	Home	Muller	
Máis de 6 veces ao ano	7,0%	11,6%	10,0%
Entre 2 e 6 veces ao ano	22,9%	20,7%	21,5%
Unha vez ao ano	12,9%	16,0%	14,9%
Nunca	57,2%	51,7%	53,6%
Total	100,0%	100,0%	100,0%

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS



Ao igual que acontecía no teatro infantil tamén nos monicreques a intensidade de consumo declarada é maior nas mulleres que nos homes, aínda que as diferenzas neste caso non son tan marcadas.


A porcentaxe de espectadores habituais das funcións de monicreques é notabelmente superior entre as mulleres, aínda que considerando o conxunto dos espectadores frecuentes a diferenza redúcese e só volve aparecer se consideramos a maiores os espectadores ocasionais. Ocorre exactamente o mesmo que no teatro infantil.

Táboa 36. Frecuencia de asistencia a funcións de monicreques segundo intervalos de idade

Frecuencia de asistencia a funcións de monicreques segundo intervalos de idade	Intervalos de idade						Total
	15-24 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55-64 anos	65+ anos	
Máis de 6 veces ao ano	11,5%	7,9%	18,0%	5,7%		12,1%	10,0%
Entre 2 e 6 veces ao ano	19,6%	18,9%	29,9%	15,1%	18,8%	25,1%	21,5%
Unha vez ao ano	9,8%	17,6%	18,0%	17,6%	7,1%	,8%	14,9%
Nunca	59,1%	55,6%	34,1%	61,5%	74,1%	62,1%	53,6%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Asistencia a funcións de monicreques segundo a idade



Novamente o intervalo de idades que alcanza unha maior porcentaxe de asistentes e unha intensidade de consumo maior é a do que reúne aos individuos de 35 a 44 anos.


Unha diferenza apreciable no caso dos monicreques é que o intervalo de 15 a 24 anos presenta unha porcentaxe de espectadores máis elevada que os dous intervalos que abranguen as idades de 45 a 65 anos. No teatro infantil as posicións invertíanse. Isto pode significar que en relación a teatro infantil e entre xente nova os monicreques gocen dunha aceptación relativa superior ás representacións con actores e actrices.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Táboa 37. Frecuencia de asistencia a funcións de monicreques segundo o nivel de estudos

Frecuencia de asistencia a funcións de monicreques segundo o nivel de estudos	Cal é o seu nivel de estudos?									Total
	Non sabe ler nin escribir / Menos de 5 anos de escolarizació	Sen completar bacharelato elemental, EXB ou ESO	Bacharelato elemental EXB ou ESO completo	FPI grao medio ou oficiala industrial	Bacharelato superior BUP/LOXSE COU/PREU	FP II grao superior ou mestría industrial	Diplomatura, arquitectura ou enxeñería técnicas	Licenciatura, arquitectura ou enxeñería superiores	Doutoramento	
> 6 veces ao ano	-	-	2,4%	9,8%	18,4%	6,9%	10,0%	10,8%	-	10,0%
2- 6 veces ao ano	25,8%	26,8%	13,2%	15,5%	10,0%	32,3%	31,1%	21,6%	-	21,5%
1 vez ao ano	74,2%	13,8%	14,0%	11,0%	11,4%	17,0%	16,4%	15,3%	-	14,9%
Nunca	-	59,4%	70,4%	63,7%	60,2%	43,8%	42,6%	52,2%	100,0%	53,6%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Asistencia a funcións de monicreques segundo a formación



II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Abstraéndonos dos intervalos inferior e superior, que reúnen moi poucas observacións e posúen valores pouco representativos, apreciamos unha tendencia crecente do consumo de monicreques co nivel de formación académica.

Existe, porén un nivel de estudos que rompe marcadamente a tendencia xeral en todas as fraccións, o das persoas con bacharelato superior (4º intervalo do gráfico), e outro que fai o propio pero só nas fraccións de espectadores regulares e ocasionais, o das persoas con estudos básicos (2º intervalo).


Como se avanzou nos comentarios acerca do teatro infantil é probábel que estes grupos de poboación garden unha forte correlación co segmento de nais de certa idade con fillos.

Táboa 38. Frecuencia de asistencia a funcións de monicreques segundo a relación coa actividade económica

Frecuencia de asistencia a funcións de monicreques segundo a relación coa actividade económica	Cal é a súa relación coa actividade económica?					Total
	Ocupado/a	Parado/a	Estudiante	Labores do fogar	Xubilado/a, pensionista, outra situación	
Máis de 6 veces ao ano	10,3%	6,3%	10,5%	17,3%	-	10,0%
Entre 2 e 6 veces ao ano	21,1%	30,8%	13,2%	16,2%	36,0%	21,5%
Unha vez ao ano	18,2%	7,3%	8,6%	14,7%	0,5%	14,9%
Nunca	50,4%	55,5%	67,6%	51,7%	63,4%	53,6%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Asistencia a funcións de monicreques segundo a relación coa actividade económica



Relación coa actividade económica


A situación laboral sérvenos para acabar de caracterizar os espectadores das funcións de monicreques, que, como se ve, seguen a gardar moita relación cos espectadores de teatro infantil.

Neste caso vólvese repetir a máxima de que a fracción máis importante de espectadores habituais localízase entre as persoas inactivas encargadas do fogar. A novidade neste caso é que a poboación activa (ocupada e parada) case iguala a porcentaxe total de espectadores que alcanza o grupo precedente. Estudantes e xubilados ou pensionistas presentan as porcentaxes máis baixas de espectadores totais e habituais.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Espectáculos de maxia

Frecuencia de asistencia a espectáculos de maxia



Con que frecuencia asiste a espectáculos de maxia

Táboa 39. Frecuencia de asistencia a espectáculos de maxia

Frecuencia de asistencia a espectáculos de maxia	Porcentaxe
Máis de 6 veces ao ano	2,9
Entre 2 e 6 veces ao ano	11,6
Unha vez ao ano	15,7
Nunca	69,8
Total	100,0

A maxia é o tipo de espectáculo de entre os 7 analizados que menos atrae ao público da Rede. Só 3 de cada 10 entrevistados manifestan ter acudido algunha vez aos mesmos.


II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Ademais, as frecuencias de asistencia a estes espectáculos que presentan este 30% dos individuos da mostra son as menores de todos os xéneros analizados. Só un 3% do total de persoas enquisadas se declaran asistentes habituais (1 de cada 10 espectadores de maxia).

Táboa 40. Frecuencia de asistencia a espectáculos de maxia segundo a provincia

Frecuencia de asistencia a espectáculos de maxia segundo a provincia	Provincia onde ten lugar o espectáculo				Total
	Coruña, A	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Máis de 6 veces ao ano	3,2%	5,1%	1,7%	2,0%	2,9%
Entre 2 e 6 veces ao ano	12,9%	16,7%	12,0%	8,5%	11,6%
Unha vez ao ano	11,4%	13,3%	24,1%	19,6%	15,7%
Nunca	72,4%	64,9%	62,2%	69,9%	69,8%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Asistencia a espectáculos de maxia por provincia



II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS


A diferenza do que acontecía no teatro infantil e nas funcións de monicreques as porcentaxes de espectadores da maxia son maiores nas provincias orientais e menores nas occidentais.

Porén a distribución interna de frecuencias de consumo difire notabelmente dunhas provincias a outras, e neste caso verifícase que nas provincias setentrionais son maioría os consumidores frecuentes, mentres que nas meridionais sono os ocasionais.

Táboa 41. Frecuencia de asistencia a espectáculos de maxia segundo o tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo

Frecuencia de asistencia a espectáculos de maxia segundo o tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo	Tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo			Total
	<= 20.000 hab.	20.001 a 50.000 hab.	7 Cidades	
Máis de 6 veces ao ano	5,2%	,6%	2,8%	2,9%
Entre 2 e 6 veces ao ano	14,4%	9,9%	10,2%	11,6%
Unha vez ao ano	18,3%	11,0%	17,5%	15,7%
Nunca	62,2%	78,5%	69,5%	69,8%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS



Se observamos os resultados desagregados por hábitat verificase que a porcentaxe de espectadores máis baixa se sitúa nos concellos medianos, que ao estar presente unicamente nas provincias occidentais provocan a situación atrasada da Coruña e Pontevedra a respecto de Lugo e Ourense. Nos municipios de 20.000 a 50.000 habitantes apenas se detectaron na mostra asistentes habituais a espectáculos de maxia.

De calquera forma, a porcentaxe de espectadores da maxia é maior nos concellos máis pequenos que nas 7 cidades.

Táboa 42. Frecuencia de asistencia a espectáculos de maxia segundo o xénero

Frecuencia de asistencia a espectáculos de maxia segundo a xénero	Xénero		Total
	Home	Muller	
Máis de 6 veces ao ano	3,5%	2,7%	2,9%
Entre 2 e 6 veces ao ano	14,3%	10,2%	11,6%
Unha vez ao ano	12,8%	17,2%	15,7%
Nunca	69,4%	70,0%	69,8%
Total	100,0%	100,0%	100,0%